



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 62 00 75
Fax: 981 62 12 74
<https://sede.sada.gal>

exp. 2023/G010/000017

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 30 DE NOVEMBRO DO 2023.

Sesión 17/2023-P

<p><u>SRES/RAS ASISTENTES</u></p> <p><u>PRESIDENTE</u></p> <p>D. Óscar Benito Portela Fernández (SM)</p> <p><u>CONCELLEIROS</u></p> <p>Grupo Sadamaioría (SM)</p> <p>D^a Rebeca Mouriño Neira D. Marcos Villar López D^a María Pilar Taibo Fernández D. Xosé Fernando Fariña Andrade D^a Patricia Martínez Abruñedo D. Ricardo Berrocal Fariña</p> <p>Grupo Unidos por Sada (UPSA)</p> <p>D^a María Nogareda Marzoa D^a María Soraya Salorio Porral D. Sergio García López D. Breogán Blanco González</p> <p>Grupo Partido Popular de Sada (PP)</p> <p>D^a Esperanza María Arias Ferreiro D. Fernando España López (Chano) D^a María Isabel Val Armesto D. Aurelio Lonja Tajés (Lito)</p> <p>Grupo Mixto (GM)</p> <p>D^a. Almudena Pena Álvarez («PSOE, independente») D. Emilio Graña Mosquera («BNG»)</p> <p><u>SECRETARIO ACCTAL</u></p> <p>D. Juan Esteban Méndez Leiva</p>	<p>No Salón dos Plenos da Casa do Concello, sendo as 20.00 horas do día xoves 30 de novembro do 2023, baixo a presidencia do sr. alcalde D. Óscar Benito Portela Fernández, asistido polo secretario accidental da Corporación D. Juan Esteban Méndez Leiva, quen dá fe do acto, reúnen os sres. concelleiros relacionados, membros todos da Corporación, co obxecto de realizar nunha primeira convocatoria a sesión ordinaria do Pleno prevista para o día de hoxe, de acordo coa seguinte</p>
---	--

ORDE DO DÍA:

Abre a sesión o Presidente, dando a benvinda a todos e a todas a este Pleno ordinario do mes de novembro do 2023 do Concello de Sada.

1º.- APROBACIÓN DAS ACTAS (sesións núms. 15 e 16/2023).

Pola Presidencia preguntáselles aos membros da Corporación se teñen que formular algunha observación ás actas das sesións núms. 15/2023, do 26 de outubro, e 16/2023, do 20 de novembro; non habendo intervencións, quedan aprobadas as ditas actas, ordenando a súa transcripción ao Libro de Actas segundo o disposto polo artigo 110.2 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais.

2º.- CONTROL DA ACTIVIDADE DOS RESTANTES ÓRGANOS DA CORPORACIÓN.



O sr. Alcalde salienta que, en relación coa Comisión Especial de Seguridade Cidadá, que non se puido celebrar a semana pasada, polo que está previsto celebrar o xoves, ás 20.00 horas.

A. Decretos e resolucións da Alcaldía ditados dende o 23 de outubro do 2023 (núm. 1977) ata o 24 de novembro do 2023 (núm. 2219).

Para os efectos previstos no Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, dáse conta ao Pleno da Corporación das Resolucións e dos Decretos ditados pola Alcaldía dende o día 23 de outubro do 2023 (núm. 1977, do expediente 2023/G003/002065) ata o 24 de novembro do 2023 (núm. 2219, do expediente 2023/G003/002300), que foron postos de manifesto á secretaria da Corporación.

B. Mocións.

Única.- Moción relativa á elaboración dunha ordenanza reguladora de peches vexetais, plantación de sebes, arbustos e árbores ornamentais.

A sra. Pena Álvarez (GM) comeza sinalando que se trata dunha “normativa” e non dunha “ordenanza”, dado que falou coa Secretaria, quen lle indicou que ten que ser incluída no PXOM, e co Arquitecto, que non suporía atraso, nin ía supor un incremento económico.

O sr. Alcalde pregúntalle ao secretario accidental se se trata dunha moción ou dun rogo.

O secretario accidental pregunta se se mantén o termo de “instar”.

A sra. Pena Álvarez (GM) indica que se cambia “instar” por “incluír”. Deseguido, xustifica a urxencia da moción, presentada polo grupo mixto, que a continuación se reproduce literalmente na súa versión orixinaria:

«Dna. Almudena Pena Álvarez, concelleira do PSdeG-PSOE no Concello de Sada, de acordo co artigo 64.1. do ROM, presenta a seguinte MOCIÓN para a súa consideración polo Pleno na que se solicita ao Goberno municipal a elaboración dunha:

ORDENANZA REGULADORA DE PECHES VEXETAIS, PLANTACIÓN DE SEBES, ARBUSTOS E ARBOLES ORNAMENTAIS
XUSTIFICACIÓN

Os peches de parcelas con elementos vexetais é algo moi común no noso municipio, pero moitas veces son causa de problemas para a mobilidade, salubridade, seguridade e mesmo para a convivencia entre os veciños.

A regulación definida no PXOUM para estes elementos é de xeito evidente insuficiente e aínda que exista unha normativa autonómica e sentenzas respecto diso, o que non dispoñamos dunha ordenanza reguladora para peches vexetais dificulta o traballo dos servizos municipais de urbanismo, medio ambiente e obras e servizos, e xera indefensión e confusión en moitos veciños que ven obrigados a presentar denuncia en primeira instancia ante os servizos urbanísticos municipais.

Desde o PSdeG-PSOE consideramos necesaria a redacción dunha ordenanza que regule como deben realizarse e manterse os peches con sebes, arbustos, árbores ornamentais e elementos vexetais nos linderos e nas fronteiras de parcelas que dan á vía pública.

Nas parroquias e no centro urbano podemos encontrar peches vexetais que constitúen auténticos muros que superan con fartura os 2,50 metros (algúns alcanzan os 10 mts) de altura máxima que regula o PXOUM, invaden as calzadas, as beirarrúas, ocultan a sinalización viaria, afectan negativamente ás redes de subministración eléctrica, os tendidos telefónicos, á iluminación pública e con seguridade as súas raíces están a deteriorar as conducións de subministración de auga, a rede de sumidoiros e levantando as beirarrúas.

Sucedo algo parecido no caso dos peches entre lindeiros, onde nos consta que existen denuncias entre veciños pola invasión da propiedade ou polo asombramento das fachadas debido ás dimensións extraordinarias destes peches vexetais.

O obxecto desta moción non é outro que o de garantir a seguridade e a convivencia e ao mesmo tempo mellorar a estética nas fronteiras de vía pública, establecer distancias e alturas respecto ao espazo público e entre lindeiros, definir (mesmo) obrigacións de mantemento, co obxectivo de evitar situacións de indefensión e risco a moitos dos nosos veciños.

Co obxecto de evitar todos estes problemas e que se respecten os dereitos duns e outros, considero necesario que Sada dispoña dunha ordenanza reguladora que deixe claro como deben realizarse e manterse estes peches vexetais e que garanta que o Concello poida actuar de oficio sen obrigarse a que sexa o veciño o que interpoña unha denuncia ante os servizos municipais.

Estou segura de que a existencia desta ordenanza contribuirá a mellorar a relación veciñal e evitará a intervención sancionadora da administración. Ademais, garantirá, a salubridade, seguridade, accesibilidade e ornato dos espazos públicos e privados.

PROPOSTA DE ACORDO

É por todo o anterior polo que propono ao Pleno a aprobación da presente MOCIÓN pola que se insta ao Goberno Municipal a elaborar unha ORDENANZA REGULADORA DE PECHES VEXETAIS, PLANTACIÓN DE SEBES, ARBUSTOS E ARBOLES ORNAMENTAIS».



Deseguido procédese á votación da urxencia, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 17 (7 SM, 4 UPSA, 4 PP e 2 GM).
- Votos en contra: Non se produciron.
- Abstencións: Non se produciron.

Resultando aprobada a urxencia por unanimidade dos asistentes.

A continuación procédese ao debate da moción pola sra. Pena Álvarez (GM), a sra. Nogueira Marzoa (UPSA) e o sr. Alcalde.

A continuación, procédese á votación da moción (xa corrixada), obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 17 (7 SM, 4 UPSA, 4 PP e 2 GM).
- Votos en contra: Non se produciron.
- Abstencións: Non se produciron.

Resultando aprobado por unanimidade o seguinte **ACORDO**:

Único.- Incluír nas modificacións do PXOM, que se están a tramitar, a redacción da regulación dos peches vexetais, plantación de sebes, arbustos e árbores ornamentais.

C. Rogos e preguntas.

O sr. Alcalde comeza indicando que, en relación a unha pregunta do pleno anterior, da sr. Nogueira Marzoa (UPSA), relativa á senda de Veigue non se pediran as autorizacións demaniais, porque estaban esperando pola liquidación do orzamento, pero que era posible adxudicalo co importe do POS; e o proxecto do Tarabelo xa estaba adxudicado.

A sra. Nogueira Marzoa (UPSA) sinala que se trataba dun rogo, non dunha pregunta, e que, se sabía que non era preciso esperar pola liquidación, puido dicilo antes, porque non o fixeron por directriz técnica, senón que, por oposición leal e construtiva, o debería ter comunicado antes.

Polo Grupo Mixto, o sr. Graña Mosquera (GM), realiza dúas preguntas:

1ª) Pregunta que se pode facer para minimizar os efectos como os ocorridos co corte de luz o pasado sábado.

O sr. Alcalde respóndelle que comparte o estupor e sorpresa, porque non houbo ningún tipo de comunicación. É a consecuencia da privatización e de priorizar o negocio por riba do servizo público.

A sra. Arias Ferreiro (PP) comenta que aos veciños se lles dixo que caera o tendido pola acción das empresas madeireiras.

A sra. Taibo Fernández (SM) respóndelle, que ela, como afectada, fixo tres chamadas, e que lle dixeron que se trataba dun corte programado e que non había hora para o restablecemento do servizo.

O sr. Alcalde comenta que, a día de hoxe, hai control sobre as madeireiras.

1º) O sr. Graña Mosquera (GM) roga o control das empresas madeireiras e que se mande unha queixa á empresa eléctrica.

2ª) Pregunta para cando estima o goberno municipal que vai atender as reclamacións de mellora de beirarrúas e ordenación do tráfico na entrada do Pazo de Meirás.

3ª) Pregunta para cando se van adoptar medidas que obriguen a reducir a velocidade aos automóbiles diante dos colexios de Mondego e Mosteirón.

O sr. Fariña Andrade (SM) resposta que houbo unha xuntanza *in situ* coa deputada provincial de Obras, na que tamén estaba presente a concelleira do PSOE, e están mirando os técnicos nesa estrada provincial, ao igual que na recta do Pazo, que é unha estrada autonómica, para redactar os proxectos correspondentes.



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 62 00 75
Fax: 981 62 12 74
<https://sede.sada.gal>

exp. 2023/G010/000017

Por outra banda, en relación cos pasos de peóns, o 21 de setembro demandaron á Deputación a adopción de medidas como badéns, sobreelevacións, sinalizacións, etc., na estrada DP-7504; e o 14 de setembro, pedíronlle á Xunta de Galicia en relación co CEIP Mondego (AC-183), e que xa estivo alí o técnico, estando pendente do informe.

4ª) Pregunta canto se tarda no Concello de Sada en tramitar unha licenza urbanística, especialmente de obra maior.

O sr. Alcalde dille que non llo pode precisar, pero que ás veces hai licenzas que están pendentes de que cheguen outros permisos e autorizacións sectoriais doutras administracións, ou de emendas que se lle piden aos arquitectos redactores, por deficiencias nos proxectos, hai un considerable atraso polo incremento das licenzas e que se mantén o mesmo cadro de persoal, etc., habendo agora mesmo un atraso bastante importante. Déronse, en 2021, unhas 41 licenzas de obra maior, en 2022 foron 27, e no 2014 déronse 3, sendo Sada o cuarto concello da provincia da Coruña, despois de Oleiros, A Coruña e Carballo. As comunicacións previas pasaron das 150/160 a máis de 400 deste 2023, cando aínda queda máis dun mes. Actualmente se están a tramitar 8 planeamentos de desenvolvemento, atraso bastante importante que fará precisa unha estruturación doutra maneira o departamento e ampliar o persoal.

5ª) Pregunta canto se tarda, de media, no pagamento a provedores e por que no son públicos eses datos como ocorre nos concellos circundantes.

O sr. Interventor respóndelle que existen dúas magnitudes que miden o tempo medio de pagamento a provedores: o período medio de pagamento e os datos que se extraen dos informes de morosidade. A responsabilidade de remisión trimestral ao Ministerio de Facenda deses datos é de Intervención. No Concello de Sada, por diversos motivos técnico-administrativos, non se consegue que os datos resultantes da aplicación sexan fiables, polo que adoptou o criterio de non remitilos. Agora os informes de morosidade está solucionado, pero non así o período medio de pagamento, polo que están falando coa deputación, semella que xa está detectado o problema, pero recomendan que se aplique no novo exercicio, dado que implica un cambio na parametrización do programa. A partir do primeiro trimestre de 2024 estará resolto. Os informes de morosidade sinalan que, no terceiro trimestre, é de 159 días, cando o período medio de pagamento é de 84, debendo dar unha diferenza de 30 días, é dicir, 129 días.

6ª) Pregunta para cando se vai presentar o orzamento municipal do vindeiro ano e se se vai negociar con outros grupos municipais.

O sr. Alcalde sinala que para o Concello de Sada era vital aprobar a modificación de crédito que se trouxo en setembro de 2023, para poder chegar a uns parámetros acaídos de período medio de pagamento, con orzamentos prorrogados no 2023, e o incremento no custes dos servizos, e co incremento da RPT, para poder prestar os servizos e pagalos en tempo e forma, habendo a necesidade de traer un documento moi avanzado de orzamento a negociar cos grupos políticos, ao igual que ocorrerá coa RPT, para negociar con sindicatos e grupos políticos, porque a Lei de emprego público esixe que estean dotadas economicamente todas as prazas.

Polo Grupo Mixto, a sra. Pena Álvarez (GM) realiza o seguinte rogo:

1º) Roga que se revisen as canalizacións de pluviais, porque despois das obras nos pasos de peóns da Avenida da Mariña, vese asfalto sobre as rendixas de pluviais, antes de que rematen as obras.

Polo Grupo do PP, o sr. Lonja Tajés realiza o seguinte rogo:

1º) Roga que, en relación coa taxa anual polo mantemento do cemiterio, se poida facer pagamento en varios bancos, porque gora só se pode aboar nunha entidade bancaria, para que a xente que non é cliente desa entidade, especialmente as persoas de idade avanzada, non teñan que facer colas.

Polo Grupo do PP, o sr. España López realiza dúas preguntas, unha puntualización e formula o seguinte rogo:

1ª) Pregunta se as licenzas que non se conceden tamén se cifran.



O sr. Alcalde respóndelle que si.

Continúa o sr. España López (PP) inquirendo se tamén se inclúen as obras que o Concello non dá licitado.

O sr. Alcalde respóndelle que esas non precisan título habilitante.

Continúa o sr. España López (PP) sinalando que, estar por riba dos 150 días para facer o pagamento, Sada non é unha administración atractiva para provedores, incrementándose os custes, polo que, se se reduce o período de pagamento, se fará unha xestión máis competitiva que a día de hoxe.

1º) Roga que se reparen, repoñan e manteñan as papeleiras, bancos e mobiliario urbano, que necesitan bastante coidado nalgúns zonas, así como a reparación, reposición e mantemento dos contedores, principalmente onde hai negocios de hostalaría.

1ª) Pregunta como é o funcionamento, a día de hoxe, das solicitudes de uso das casas do pobo.

O sr. Berrocal Fariña (SM) respóndelle que, para o uso individual, é preciso convenir con quen ten ese centro social en cesión coa asociación de veciños se ese espazo está libre e logo facer unha solicitude no Rexistro para un día e unha hora.

O sr. España López pregúntalle se están cedidos.

O sr. Berrocal Fariña resposta que aparece como cesión, non como convenio.

O sr. España López pregúntalle como hai que facer se é un uso colectivo.

O sr. Berrocal Fariña respóndelle que hai un compromiso do Concello de Sada de apoiar a todas as asociacións nas súas actividades, e, se queren facer algún tipo de evento, que requira algún tipo de permiso ou autorización, terán que pedilo, por exemplo para as festas en Urbanismo.

Polo Grupo do PP, a sra. Val Armesto formula o seguinte rogo:

1º) Roga que, en relación ao mantemento dos parques infantís, se faga unha revisión do seu estado, porque algún deles están nun estado lamentable, ao igual que ocorre coas losetas que hai arredor da igrexa nova.

O sr. Fariña Andrade (SM) resposta que, en relación co parque do porto, hai un proxecto de mellora, e que, en relación coas beirarrúas da igrexa nova, pertence a esta, e xa estiveron co bispo hai anos, e volverán a pedilo á Igrexa.

A sra. Arias Ferreiro (PP) aclara que a separación que hai entre a beirarrúa e os contedores é onde cae a xente, porque meten o pé no medio.

Polo Grupo do PP, a sra. Arias Ferreiro formula os seguintes rogos:

1º) Roga que se solucione o problema de turbidez da auga.

2º) Roga que se pinten os pasos de peóns dos badéns e que se iluminen.

O sr. Fariña Andrade (SM) resposta que a ver se non chove porque pintar chovendo é imposible.

Polo Grupo do PP, a sra. Arias Ferreiro (PP) realiza as seguintes preguntas:

1ª) Pregunta se segue o plan de acendido do alumeado de Nadal para a ponte da Constitución.

O sr. Villar López (SM) respóndelle que o programa está deseñado para o día 7, porque o material se vai instalar a partir do día 4, tamén as actividades.

2ª) Pregunta se vai haber algo de promoción da hostalaría.

O sr. Berrocal Fariña respóndelle que coa hostalaría non hai ningún tipo de programa.

3ª) Pregunta por que se tarda tanto en recoller as algas.



O sr. Fariña Andrade (SM) respóndelle que, en inverno, a recollida é unha vez ao mes, pero non se puido facer polos temporais, e non parou de chove, tamén houbo un venres unha avaría do tractor.

4ª) Pregunta, en relación coa Comisión Especial de Seguridade Cidadá, que non se puido celebrar a semana pasada, por que non se falou coa oposición, ao igual que ocorre coa Comisión de Servizos Sociais, que leva 6 meses para convocarse, e que temas se van a levar á Xunta Local de Seguridade, que leva 4 anos sen celebrarse.

O sr. Alcalde respóndelle que se lles pode pasar a Orde do Día.

5ª) Pregunta por que non se lles plantexou un manifesto do 25N de condena de violencia contra as mulleres e roga que non volva a pasar.

O sr. Alcalde respóndelle que non ningunha razón en especial.

Polo Grupo do UPSA, o sr. García López formula o seguinte rogo:

1º) Roga que, en relación cos badéns dos pasos de peóns, se que non se puideron pintar, que se mellora a sinalización, sobre todo pola noite, con sinais de cor amarela, porque nalgún deles a iluminación é escasa.

Polo Grupo do UPSA, a sra. Salorio Porral formula o seguinte rogo:

1º) Roga que se solucione o problema de turbidez da auga, amosando un vídeo dunha pía nun cuarto de baño na zona das Brañas, todo o día, e que fai apenas 15 días estaban igual.

O sr. Alcalde respóndelle que foi unha rotura, non un corte programado.

O sr. Villar López (SM) salienta que unha cousa é turbidez, sempre mellorable, e outra ese vídeo, que se trata dunha avaría puntual e dunha rotura, non un corte programado, na zona do instituto, por unha avaría puntual.

Polo Grupo do UPSA, a sra. Nogareda Marzoa formula o seguinte rogo e realiza as seguintes preguntas:

1º) Roga que, en relación co corte de luz, chamou aos operadores, que lle dixeron que a incidencia estaría resolta ás 22:00 horas e, posteriormente, ás 23:30 horas, polo que haberá que poñer unha reclamación por non atender ben ás incidencias.

1ª) Pregunta, en relación coa preparación dun modificativo de crédito, dun provedor que tiña facturas dende 2008, por que non houbo Comisión Informativa.

O sr. Alcalde respóndelle que virá coa Conta Xeral, e que os dous puntos que non puideron son o contrato de xestión da piscina e o subministro eléctrico, que non supera os 500.000 euros por ano.

A sra. Mouriño Neira (SM) resposta que o prego de prescricións técnicas para o contrato de concesión da piscina, para un contrato de 10 anos, tiña un folio, estaba incompleto.

2ª) Pregunta se se tomaron medidas e quen o está facendo.

A sra. Mouriño Neira (SM) resposta que van a encargar o prego, porque fala dunha cuberta, para a concesión dunha instalación polo prazo de 10 anos.

A sra. Nogareda Marzoa (UPSA) dille que tome medidas para que non volva a pasar.

3ª) Pregunta, en relación coa pista de patinaxe, en que estado se atopa.

O sr. Alcalde resposta que fixo unha proposta de resolución do contrato e outra para resolver o expediente de penalidades por demora, polo que falta resolver o contrato.

A sra. Nogareda Marzoa (UPSA) comenta que a resolución do contrato debería ser, o máis axiña posible, para a execución do novo contrato.

4ª) Pregunta quen é o director de obra do Tarabelo.

O sr. Alcalde resposta que a obra a dirixe a empresa GIGA e que hai dúas certificacións de obra.



5ª) Pregunta quen está internamente, dos empregados municipais, controlando esa obra.

O sr. Alcalde respóndelle que a responsabilidade total é ese director de obra.

6ª) Pregunta cal é o tempo de duración de obra.

O sr. Alcalde responde que remata hoxe, 30 de novembro, por iso a importancia de pedir os permisos de obra, polo atraso na desidia para solicitar o permisos, pero el decidiu por facer a obra ou renunciar á obra.

O sr. Blanco González (UPSA) interrompe sen estar na rolda de palabra.

A sra. Nogareda Marzoa (UPSA) dille ao sr. Blanco González (UPSA) que hai unha diferenza entre eles e os outros: a educación.

O sr. Alcalde lémbrale que xa fixo 6 preguntas.

A sra. Nogareda Marzoa (UPSA) conclúe que cando se fai unha proposta chega a un departamento que di se hai cartos ou non hai cartos, que tivo despois da liquidación do orzamento, polo que formula o rogo seguinte:

2º) Roga que, en relación co atraso existente en Urbanismo, despois de aprobar un Plan Xeral tiña unha serie de actuacións que tiña que ir facendo, e que se non están feitas non é culpa dos 6 meses anteriores.

E non sendo máis os asuntos para tratar, levántase a sesión cando son as 21 horas e 20 minutos do día xoves 30 de novembro do 2023, do que como secretario accidental dou fe e certifico, asinando dixitalmente esta acta electrónica, co visado do alcalde Óscar Benito Portela Fernández, que leva unido o arquivo audiovisual asinado electronicamente e no que se atopa recollido o contido íntegro das intervencións, que se incorpora ao expediente e ao que se pode acceder pola seguinte ligazón:

https://sede.sada.gal/gl/portal_transparencia/Relevancia_Juridica/Normativa/Normativa.html.